



CONCELLO DE LAXE
AV. CESÁRIO PONDAL, 26 15117 LAXE (A CORUÑA)
TF.: 981706903 | FAX.: 981728025

Concello de Laxe

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Reapertura do Mercado Semanal dos venres pola mañá na Praza do Voluntarios, e establecemento das medidas de seguridade e de protección da saúde durante o período transitorio cara unha nova normalidade.

Expediente número: 2020/G003/000256

ANTECEDENTES

A Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade establece no seu artigo 10 a posibilidade de proceder á reapertura dos mercados que desenvolven a súa actividade ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública, comunmente denominados "mercadillos", dando preferencia a aqueles produtos alimentarios e de primeira necesidade e procurando que sobre os produtos comercializados nos mesmos se garanta a súa non manipulación por parte dos consumidores.

Os Concellos deberán garantir unha limitación ao vinte e cinco por cento dos postos habituais ou autorizados e unha afluencia inferior a un terzo do aforo habitual podendo alternativamente procederse ao aumento da superficie habilitada para o exercicio desta actividade de maneira que se produza un efecto equivalente á citada limitación.

A Orde SND/440/2020, do 23 de maio, pola que se modifican diversas ordes para unha mellor xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en aplicación do Plan para a transición cara a unha nova normalidade establece o pase á fase 2 das catro provincias de Galicia.

Así pois, o artigo 11 da Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da **fase 2** do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, recolle igualmente esta posibilidade, onde en todo caso, garantírase a limitación a un terzo dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia social de dous metros.

Así mesmo, recóllese a posibilidade de que os Concellos poidan aumentar a superficie habilitada, de maneira que se produza un efecto equivalente á citada limitación. En todo caso, os Concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de garantir a seguridade e distancia entre traballadores, clientes e viandantes.

Deste xeito, e de acordo coa posibilidade que brindan a Orde SND/399/2020, do 9 de maio, así como a Orde SND/414/2020, do 16 de maio, á vista da excepcionalidade da situación e do seu carácter estritamente temporal, esta alcaldía ditará unha resolución de carácter extraordinario establecendo unha regulación substitutoria a fin de proceder á reapertura dos denominados "mercadillos" polo tempo que deban manterse as medidas de distanciamento social e hixiene marcadas polo Goberno, a prol da reactivación da actividade económica e social e a normalización da vida do municipio.

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións concedidas polo artigo 21.1 da lei 7/1985 de bases de réxime local



CONCELLO DE LAXE
AV. CESÁRO PONDAL, 26 15117 LAXE (A CORUÑA)
TF.: 981706903 | FAX.: 981728025

Concello de Laxe

RESOLVO

Primeiro.- Durante o período de vixencia do estado de alarma e do Plan para a Transición cara a unha Nova Normalidade no que por mor da situación creada pola pandemia provocada polo COVID-19 deban manterse uns requisitos de hixiene e seguridade, a instalación de postos no mercado semanal de venda non sedentaria na vía pública, deberá cumprir:

LOCALIZACIÓN, ACCESOS E POSTOS:

- A disposición e o número de postos en funcionamento debe permitir o mantemento da distancia de seguridade. O horario de apertura ao público será os venres de 9:00 a 15:00h na Praza dos Voluntarios.
- Para evitar aglomeracións e co fin de controlar a limitación do aforo do mercado, o acceso (entrada e saída) ao mercado farase polas rampas existentes. Tanto a entrada como a saída do mercado delimitaranse con indicadores que establezan de maneira clara a entrada e a saída ao mercado.
- Poñeráse ao dispor dos clientes un dispensador de hidroxel nos puntos de acceso. Os clientes deberán acceder ao mercado semanal con mscaras.
- Dentro do recinto habilitado delimitarase de forma clara, a distancia de seguridade interpersoal de dous metros entre clientes. Para iso, poderase empregar marcas no chan, uso de balizas, cartelería e/ou sinalización.
- A distribución dos postos nesta nova situación será realizado polos axentes da policía local que deberán velar polo establecido na normativa de aplicación, e sobre todo deberán velar polo correcto distanciamento entre os postos.
- Establecerase cartelería informativa coas medidas de distanciamento e hixiene que teñen que adoptarse, indicando tamén que, se unha persoa manifesta síntomas compatibles co Covid-19, deberá abandonar de inmediato o lugar e seguir as indicacións do persoal sanitario.

MEDIDAS PARA OS VENDEDORES:

- Considerarase obrigatorio para as persoas vendedoras o uso de máscaras e luvas ou produtos de uso preventivo e desinfectantes (pantallas de protección persoal, hidroalcohol etc....).
- Unicamente os vendedores poderán tocar os produtos. Aconséllase o uso de TPV que deberá ser limpadado tras cada uso, e especialmente se foi manipulado polos clientes. No caso de non ser posible, extremarase as precaucións e a hixiene na manipulación dos cartos en billetes e moedas.
- No mesmo posto, as persoas vendedoras deberán gardar unha distancia de 2 metros entre si. De non resultar posible a separación física, permitirase unicamente a presenza dun vendedor.
- Despois de cada xornada, os vendedores deberán desinfectar o mobiliario, equipamento e utensilios utilizados na actividade.
- En todo caso, deberase manter o posto ordenado e cos produtos dispostos de forma hixiénica, adecuadamente separados por categorías e dando unha imaxe de limpeza segura en todo momento.

MEDIDAS PARA OS CLIENTES:

- Debido á situación de risco que supón a aglomeración de persoas nas zonas do mercado, considérase obrigatorio o uso de máscaras nas condicións establecidas na Orde



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE
AV. CESÁRO PONDAL, 26 15117 LAXE (A CORUÑA)
TF.: 981706903 | FAX.: 981728025

SND/422/2020, do 19 de maio, pola que se regulan as condicións para o uso obrigatorio de máscara durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e aconséllase o uso doutros produtos de protección e hixienización persoal (luvas, xeles de hidroalcol de peto).

Segundo.- A Policía Local, velará porque se respecten estas condicións e medidas, para protección e beneficio de todos. Garantirase a vixilancia do espazo onde se celebre o mercado, durante o horario de funcionamento, para o cumprimento das normas de distanciamento social, así como para evitar aglomeracións

Terceiro.- As normas contidas neste decreto e as situacións recoñecidas da súa aplicación terán en todo caso unha vixencia limitada ao mantemento das restricións relacionadas co estado de alarma declarado por mor da pandemia ocasionada polo COVID-19 sen que cren dereito algún a favor do particular e suxeitas ás modificacións que puidesen darse en función da evolución da situación e normas complementarias que se vaian aprobando polas distintas Administracións.

Mándaa e asínao en Laxe

O alcalde

A secretaria – interventora

José Luís Pérez Añón

Begoña Carrasco García